



O día dezasete de abril o alumnado que participa nos clubs de lectura de 1º e 3º da ESO asistiu en Santiago de Compostela a un encontro coa escritora Rocío Leira. Na organización desta actividade participaron o EDLG e Grupo de Traballo da Biblioteca en colaboración co IES do Camiño de Palas De Rei.

O encontro celebrouse na libraría EANEA. Rocío Leira falou do seu libro **Trescatorcedezaseis**, de como se lle ocorrera a idea para facer o libro, do seu traballo como profesora de matemáticas, da presenza das matemáticas na nosa vida cotiá, de como o número áureo está presente na arte e nos obxectos cotiás...

Ademais falou do libro titulado **Cicuta para dous**. Contou o importante que era para ela a filosofía e a estreita relación que mantiveran a filosofía e as matemáticas ó longo da historia.

Por último, respondeu as preguntas que se lle fixeron sobre os seus intereses como lectora, as dificultades para publicar libros, a participación en certames literarios, a súa necesidade de escribir, etc.

E como non, dedicou uns minutos a asinar os exemplares.